

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 7 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se autorizan centros educativos para impartir o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach) para o curso 2019/20.

De conformidade co establecido no artigo 17 da resolución desta dirección xeral do 28 de marzo de 2019, pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2019/20, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Autorizar os centros que se relacionan no anexo desta resolución para impartir o programa PluriBach, bacharelato de especialización en idiomas.

Segundo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2019

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO
Centros autorizados

Código centro	Nome do centro	Programa
15004083	CPR Plurilingüe Compañía de María	PluriBach
15004526	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	PluriBach



Código centro	Nome do centro	Programa
15015378	CPR Plurilingüe Compañía de María	PluriBach
27006966	IES Plurilingüe San Rosendo	PluriBach
36018033	CPR Plurilingüe Vigo	PluriBach

